

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "Rehabilitación da Casa Rectoral de Montes para local social".

LUGAR: Salón de sesións do Concello de Cualedro.

DATA: 26 de outubro de 2018

HORA DE INICIO: 08.20

HORA DE FINALIZACION: 09:00

ASISTENTES:

Presidente: Luciano Rivero Cuquejo

Vogais:

- María Sol Quinteiros Gil
- Sonia Zarraquiños Novelle

Secretario-vogal: Paulino Fernández Salgado

Constitúese a mesa de contratación para continuar coa valoración das ofertas presentadas no procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, varios criterios de adxudicación para a contratación da obra "Rehabilitación da Casa Rectoral de Montes para local social" convocado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12 de setembro de 2018, obras que están cofinanciadas pola Deputación de Ourense co Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o ano 2018, e logo da súa publicación na Plataforma de contratación do sector público e despois da apertura efectuada o día 16 de outubro de 2018, incurrido a empresa EDINOR.MYR. SL en oferta anormalmente baixa e non xustificarse no prazo de 5 días hábiles as circunstancias que permitan executar a obra polo prezo ofertado.

Tendo en conta o anterior, a mesa de contratación acorda, por unanimidade, despois de eliminar a empresa EDINOR:MYR SL por non xustificarse o prezo ofertado, proceder a valorar as outras ofertas, quedando do seguinte xeito:

Empresas	Prezo ofertado (con IVE)	Prazo de garantía (anos)	Prazo de execución (DIAS)
PEDRO PROL FORMOSO	64.850,00 €	1+4	55 (red. 35)
EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTAIS S.L.U.	64.710,00 €	1+4	60 (red. 30)
INTEGA, S.L.	64.800,00 €	1+4	55 (red. 35)
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U	65.000,00 €	1+4	55 (red. 35)
EMI-ALVAREZ, S.L.	69.562,90 €	1+4	45 (red. 45)

**Concello de Cualedro**



VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	56307,35	1+4	45 (red. 45)
ROPAN SL	74451,3	1+4	85,5 (rd. 5%)
SERGONSA SERVICIOS S.L.	59387,12	1+4	45 (red. 45)
COVIASSTEC, S.L.	62001,85	1+4	60 (red. 30)

A valoración das propostas segundo os criterios da cláusula décima do Prego é a seguinte:

Empresas	Valoración dos criterios de adjudicación			
	Prezo ofertado	Prazo de garantía	Redución do prazo de execución	TOTAL
PEDRO PROL FORMOSO	9,86	5	3,27	18,13
EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS SLU	9,86	5	2,80	17,66
INTEGA, SL	9,86	5	3,27	18,13
NEXIA SLU	9,86	5	3,27	18,13
EMI-ALVAREZ	9,79	5	5	19,79
VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS	10,00	5	5	20
ROPAN SL	9,72	5	1,36	16,08
SERGONSA SERV. SL	9,95	5	5	19,95
COVIASSTEC, SL	9,90	5	2,80	17,70

Á vista da valoración dos criterios, a Mesa de contratación, acorda, por unanimidade, formular a proposta de adjudicación a favor de VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS.

Non se pudo comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores de que a empresa está debidamente constituída, xa que ás 08:45 a páxina estaba en construción, polo que se acorda solicitar o certificado ao adjudicatario.

De seguido, a Mesa de contratación acorda tamén requirir á empresa VIPECA, OBRAS Y SERVICIOS para que constituía a garantía definitiva ( 5% do prezo ofertado, excluído o IVE), dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, así como achegar a documentación prevista na cláusula decimosexta do prego. Así mesmo, deberá presentar o certificado de estar inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou, de non ser o caso, acreditar a aptitude para contratar de acordo coa cláusula oitava do prego de condicións.



**CONCELLO DE CUALEDRO**

Deberá acreditar, así mesmo, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta.

No caso de que no prazo outorgado para o efecto, o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

Desta acta darase traslado ao órgano de contratación para que adopte o acordo que corresponda.

E, ao non ser outro o obxecto deste acto, declárase finalizado á hora que se sinalou, e redáctase esta acta que o presidente e vogais da mesa de contratación asinan comigo, o secretario, que dou fe.

s vogais

O secretario

O presidente